



CONCELLO DE
OLEIROS

Normalización Lingüística

RESOLUCIÓN

Expediente: 2025/EGFAB/000010

No artigo 28.9 das Bases de Execución do Orzamento para 2025 prevese a concesión dunha subvención nominativa á Fundación Manuel María de Estudos Galegos por importe de 500 euros.

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos, presentou a súa solicitude de concesión de dita subvención en data 11/01/2025 e núm. de rexistro de entrada 2025000480, mediante o que solicitan que se aboe o dito importe.

Foi comprobado que a entidade non é debedora deste Concello por calquera concepto non tributario e que está ao corrente coa AEAT e coa TGSS.

En data 01/03/2024 foi emitida proposta pola técnica de Normalización Lingüística relativa á concesión da subvención solicitada.

A Responsable da Unidade Xurídica emitiu informe ao respecto en data 27/01/2025, e o 04/02/2025 o Interventor emitiu informe favorable.

Polo exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar e dispor un gasto de 500,00 euros en concepto de subvención nominativa á Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

Segundo.- Conceder á Fundación Manuel María de Estudos Galegos, con CIF: G70109376, con enderezo na Rúa Javier Fonte, n.º 1, portal D, 1º A – 15001 A CORUÑA, a cantidade de 500,00 euros (cincocentos euros), en concepto de achega para gastos anuais de funcionamento para o ano 2025.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 65.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as condicións da concesión serán as seguintes:

- a) **Obxecto:** gastos de funcionamento da **Fundación Manuel María de Estudos Galegos** no ano 2025.
- b) **Importe:** 500 euros.

O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.

- c) **Aplicación orzamentaria:** 80.3341.48100.





CONCELLO DE
OLEIROS

Normalización Lingüística

- d) Compatibilidade:** Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- e) Publicidade:** A concesión da subvención deberá publicarse na páxina web da entidade beneficiaria. Asemade, o Concello procederá á súa publicación a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.
- f) Pagamento:** Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación que se especifica a continuación, despois do cal a garantía retida será liberada e aboada á entidade beneficiaria.
- g) Xustificación:** No prazo de 30 días desde que se efectúe o pagamento do importe anticipado deberán achegar:
- Certificado expedido polo secretario da entidade, co visto e prace do presidente, de que os fondos foron destinados ao fin para o que son concedidos.
 - Declaración responsable do/a representante de que o importe da axuda, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba a fundación beneficiaria doutras entidades tanto públicas como privadas, non excede do importe do gasto realizado.
 - Declaración responsable do/a representante de que a colaboración do Concello de Oleiros foi publicada na páxina web da entidade beneficiaria.

Cuarto.- Recoñecer a obriga a favor da entidade devandita dun importe de 500 euros, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación.

Quinto.- Notificar o contido do presente acordo á Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

Sexto.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

